

Os levantamentos populares do século XX

*A Historia é ciencia: non minte
¡E a Historia ensinanos que
Dende os anos nove ao vinte
Galiza púxose en pé...!
Oseira, Nebra e Sofán,
Nebra Sofán e Oseira:
¡defenderon pobo e pan,
xustiza, patria e bandeira!
Canso xa de tanto aldraxe
e soportar o indecibel
¡o pobo, aceso en carraxe,
ergueuse, forte e terrible!
Ergueuse o pobo alcendido
En favor esperanzado.
¡Axiña foi perseguido
reprimido e masacrado...!
O sangue do noso pobo
Envermellou o seu chan
¡Pobo rexo e valeroso
De Oseira, Nebra e Sofán!*


Manuel María (1929-2004)
As rúas do vento ceibe (1979)

CONSELLO
PARROQUIAL
SOFÁN



Centenario das Mártires de Sofán

1919 - 2019



*- Un padremestiño pol-os que morreron
en Oseira, Nebra e Sofán!*

SOFÁN DAS MÁRTIRES

Oseira (1909), Nebra (1916), Narón (1918), Sofán (1919) Sobredo (1922)... A comezos do século XX diversos sucesos ligados ao movemento agrarista, galeguista, antiforal e anticaciquil axitan Galiza polos catro costados.

Que pasou en Sofán? Cando? O antigo cemiterio ao carón da igrexa de San Salvador foi a causa que prendeu a chispa do polvorín. Aparentemente a cuestión estaba entre a ampliación do cemiterio vello ou construción dun novo, no contexto da epidemia de gripe de 1918 durante o réxime putrefacto da Restauración con Alfonso XIII. Os veciños e o cura, nun primeiro momento, estaban pola ampliación. O caciquismo e as autoridades municipais, polo novo.

Corría o domingo **16 de febreiro 1919**. Este día vaise enterrar ao neno de catro anos Jesús Loureiro González, do Tarambollo. O cadaleito, como de costume, era levado por catro nenos. A comitiva foi custodiada pola Garda Civil por orde das autoridades. Os ánimos estaban encrespados pois os veciños non querían ser obrigados a enterrar aos seus nun monte supostamente adaptado como cemiterio e lonxe dos devanceiros.

Cando chegaron ao camiño que separa Campos de Bolón da Lagarteira, as mulleres entorpeceron o paso da comitiva e trataron de rodear aos gardas civís para que non fixeran cambiar a ruta e non actuaran. Algunhas versións oficiais indican que foron apedreados.

Os gardas civís, que tiñan as baionetas caladas, actuaron con saña. Os nenos que levaban o cadaleito fuxiron para agocharse. A primeira en caer pola baioneta (no ventre) e disparos do fusil Mauser foi María Caamaño Pallas. A masacre comezara.

Resultado:

1-Josefa Bolón Mato, Pepa do Neno, solteira de 44 anos. Morreu dun disparo na cabeza.

2-María Caamaño Pallas, casada con Francisco Serrano Ambroa, de 44 anos, en estado e con sete fillos. Ferida cunha baioneta, morre desangrada pola tarde.

3-Carmen Veira Souto, 56 anos, de Lemaio (A Laracha), casada con José Bermúdez, catro fillos maiores. Morreu o 20 de febreiro de 1919.

4-María Serrano Paz, solteira, veciña de Casanova. Cando Eliseo Remuiñán foi a Carballo buscar un médico para socorrela, quedou preso. Enviada ao Hospital de Santiago, morreu pola gangrena.

Serán detidos en Carballo e enviados á cadea: **Eliseo Remuiñán, Pedro Bello, Secundino Pérez, Manuel Fernández Gesto, Ramón Mañana, José Varela, Domingo Periscal, Carmen Queijeiro e Manuela Rodríguez**.

Tempo despois, os alcaldes da II República (1931-1936) Paco Bolón e José Monteagudo fixeron xestións para erguer un monumento a estas mártires. O franquismo paralizou todo. Hoxe, no centenario, faise xustiza e restáurase a memoria reparadora e cúmprese a vontade de Castelao para coas Mártires de Sofán.

XAN FRAGA RODRÍGUEZ